

# “Novononeyra/Mariño: Poéticas da amizade”.

Artigo de María do Cebreiro Rábade Villar



**Consello da Cultura Galega**  
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)  
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / [xenero@consellodacultura.org](mailto:xenero@consellodacultura.org)

# NOVONONEYRA/MARIÑO: POÉTICAS DA AMIZADE

María do Cebreiro Rábade Villar

*Segue ti, compañeiro,  
irmán meu e ledicia, irmá miña e lecer*

Wallace Stevens

## **I. A amizade non é patrimonial. Todo amor entre iguais ten unha historia.**

Que significa a entrada dun nome propio no poema? Os nomes de persoa non son comúns na poesía de Uxío Novoneyra, e menos aínda na de María Mariño, que adoita preferir os de lugar. Precisamente por iso, cando os atopamos nalgún verso —e non, como é máis habitual, nun título ou nunha dedicatoria— xeran en nós o efecto dunha interrupción. Diríamos mesmo que os nomes de persoa fan abalar ese espazo xenérico e abstracto de indeterminación co que adoitamos relacionar a lírica moderna. A contrafío da tendencia que define a modernidade lírica como linguaxe figurada e que vincula a palabra poética coa connotación e coa ambigüidade, o nome propio apunta cara ao seu referente dun xeito que a penas deixa espazo para o equívoco.

O que aquí me propoño é atravesar a obra de Mariño e Novoneyra á procura das pegadas explícitas que deixou nos poemas a súa amizade. Este aceno textual parte da materialidade literaria das declaracións co propósito de cuestionar radicalmente a gramática da sospeita que vertebrou moitas das achegas á unidade de afecto Mariño/Novoneyra. A barra espaciadora coa que xebro e uno os seus nomes neste artigo quere ser unha invitación a pensar na complexidade (ou, se se prefire, na non-linealidade) das relacións persoais entre os autores, e no resultado material —poemas, cartas, pero tamén silencios e cousas nunca ditas— desa amizade.

Doutra banda, sería ben non tomar a noción de amizade sen a cautela coa que é preciso achegarse a todos os termos. Non hai palabra común que non poida, e mesmo deba, ser entendida como tecnicismo. Baixo o fondo semántico da amizade, sexamos ou non plenamente conscientes de todas as súas implicacións, circula unha xa longa tradición poética e filosófica que se debate entre a súa caracterización como ‘amor entre iguais’ e o recoñecemento da dificultade de realizar efectivamente o amor en igualdade.

## **II. Poesía e amizade. A escolla dos irmáns.**

Se fose verdade que na literatura os únicos amigos son os mortos non sería doado dar razón da nómina, ben longa, de relacións persoais entre escritores que fixeron da literatura un dos máis significativos testemuños do seu vínculo. Debería sorprendernos que a literatura poida causar verdadeiros encontros? Nun momento no que a noción de ‘vida literaria’ se converteu na cristalización lingüística da conversión da cultura en espectáculo, cómpre non esquecer que os ‘encontros de escritores’ poden ser algo máis que os simposios promovidos periodicamente polas institucións culturais.

Nin Mariño nin Novoneyra se coñeceron nunhas xornadas poéticas e quizais por iso mesmo na súa amizade a poesía foi moito máis que un pano de fondo. René Girard (2003) sostén que toda relación entre dous supón a mediación dun terceiro elemento e a poesía ben podería ocupar o lugar desa figura gráfica coa que tento xebrar e xuntar aquí a Mariño e a Novoneyra. Mariño/Novoneyra, xa que logo, ou a barra espaciadora como lugar do poema. A poesía non podía ser neles a peneira dun contido expresable noutros termos nin vehículo para a transmisión de algo que estivese para alén dela ou para alén deles. A poesía, entre eles, non foi a formalización dun encontro, senón o seu motor.

A herdanza marxiana do feminismo contemporáneo recoñeceu na estrutura de parentesco un dos eixos da organización do traballo e, correlativamente, un dos condicionantes da subordinación da muller ao home nas sociedades patriarcais. As relacións de filiación, non escollidas determinan o marco no que ten lugar o horizonte da vida social, e desa especificación da vida social que é a vida literaria. Fronte a este relativo determinismo familiar, cabe imaxinar unha práctica máis liberadora que a posibilidade de escoller os irmáns?. Sendo a fraternidade, no seo da familia biolóxica, unha forma de vinculación horizontal, a súa relación fóra dese núcleo podería

converterse nun espazo privilexiado para as prácticas, sempre ameazadas, da liberdade e da igualdade.

Nunha serie de seminarios ditados pouco antes da súa morte, Jacques Derrida asinou unha das achegas máis fermosas á longa historia filosófica da amizade. As súas *Políticas da Amizade* (2004) partían da ambigua declaración que Montaigne atribuíra a Aristóteles: ‘Amigos meus, non hai amigos’. Esa denegación da posibilidade dunha amizade real inclúe, na mesma sentenza, a posibilidade de se dirixir aos outros como irmáns metafóricos, como compañeiros no amor.

Derrida parte da hipótese de que o principio de fraternidade —fronte aos de igualdade e liberdade, que completaban a tríada das aspiracións revolucionarias da época moderna— non sería compatible coa articulación dunha comunidade política. Aceptando provisionalmente este suposto, o poema ben podería ser o espazo que dissolve a herdanza desigual, o camiño que leva á república do afecto. O poema, que sen escapar á práctica política aspira a definila nos seus propios termos, faría posible a amizade como encontro de iguais libres. Uxío Novoneyra e María Mariño, ao tramaren poéticas da amizade, fixeron real a posibilidade de que as irmás escollan os irmáns.

### **III. Mariño nunca dixo Novoneyra. Os nomes propios son irreducibles.**

Historicamente, un dos labores máis estimulantes da escrita das mulleres foi a elaboración dun código poético que forxase experiencias da vivencia amorosa non formalizadas até entón polas modalidades literarias hexemónicas. Igual que o pensamento feminista se esforzou, cando menos dende Luce Irigaray, en reformular a teoría psicanalítica para superar a concepción carencial do feminino, a poesía das mulleres debeu afanarse durante séculos por erguer un entendemento da subxectividade propia arredado das mistificacións, que van moito máis aló da súa conversión en obxectos. A mistificación dáse mesmo cando, tan falsa e belamente como en Rilke, que toma como exemplo á poeta petrarquista Gaspara Stampa, o amor da muller é asimilado á pura inmanencia, para alén de calquera principio de correspondencia humana:

Aínda non reparaches abondo en Gaspara Stampa?

Aínda non cavilaches no que pode sentir

unha moza deixada polo amado?

É ben alto o modelo desa muller que ama.  
Pregúntome se un día poderei ser coma ela.  
As dolores antigas non deberan, á fin, dar o seu froito?  
Non foi chegado o tempo no que, amando,  
nos libremos do amado e, con tremor,  
resistamos como na frecha resiste o arco,  
para ser, reunidos nese salto, algo máis que unha frecha?  
A permanencia está en ningunha parte.

Velaí un amor quizais sublime, mais sen fraternidade. No entanto, o amor do irmán e o da irmá entende a permanencia non como imposibilidade de situarse, senón como espazo compartido —ou se se quere, por dicilo nunha expresión menos autosuficiente ensaiada polo mesmo Rilke nas *Cartas a un poeta mozo*— como a *intersección de dúas soidades compartida*. Ese é tamén, paréceme, o sentido da amizade entre Mariño e Novoneyra.

Unha crítica literaria galega ao tempo menos moralista e máis discreta debería invertir algún esforzo en explicar a presenza do *poeta* que aparece nalgúns versos de María Mariño, no canto de tramar escenarios bucólicos para unha intimidade de seu inaccesible. Fagamos o esforzo de lles devolver a voz ás persoas do drama e escoitemos a voz do *poeta*, comparada coa dun canteiro —voz material, por tanto—, na primeira estrofa dun dos poemas de *Palabra no tempo* (1963):

Pica o canteiro pedra,  
a que onte foi tecida  
na erguida voz do poeta  
pra verba da cantiga.

O poeta de Mariño, amparado na universalidade xenerosa do nome común, podería ser calquera. A autora menciona a Novoneyra nas súas cartas<sup>1</sup>, pero nos versos resístese a nomealo. No entanto, son abundosas as mencións que de María Mariño, na vida e trala

---

<sup>1</sup> Así ocorre nunha carta dirixida a Ánxel Fole e datada en Parada do Caurel, o 17 de decembro de 1965, e onde a autora refire un deses desencontros que fan parte da historia de calquera amizade. Na carta, que acompaña o envío do libro *Más allá del Tiempo*, reproducida por Helena González (2007: 27) na súa edición da obra, pódese ler: ‘Muchos de los poemas están hechos años antes de *Palabra no Tiempo*. Novoneyra me ha escuchado alguno a duras penas. No estábamos de acuerdo’.

morte, fará el. Nunha monografía recente, Carmen Blanco (2007: 29-39) refírese polo miúdo á historia textual da relación entre Novoneyra e Mariño. É ben coñecida a aparición maiúscula dela no seu ‘Vietnam canto’ (‘MARÍA MARIÑO dinamiteira da fala’), verso que dirixiu, ao tempo que se cadra limitou, a recepción crítica da poética da autora. O nome dela volve aparecer na ‘Elexía previa a María Mariño’ datada no Courel en febreiro de 1966 e que non será recollida nos ciclos poéticos posteriores. Do mesmo ano é o libro *Elegía del Caurel y otros poemas*, onde Novoneyra cita un fragmento dun poema inédito de Mariño (‘A Galicia’) ao comezo do seu ‘Os que así nos tein’. En 1974 dedicaralle, canda a seus pais, *Os eidos II*, nun aceno que reforza o sentido fraternal do seu encontro ao xunguir na mesma sentenza a lei cega da filiación e a elección libre da amizade. Na edición de 1985, un poema que antes figuraba sen título agora invoca, dende o comezo, ‘A María Mariño’.

Á vista destes e doutros testemuños, sería interesante invertir a pauta tradicional de interpretación que ve en Novoneyra un mestre e en Mariño unha discípula. Sen negar a importancia decisiva que a amizade con el tivo na súa determinación de publicar en lingua galega, resulta tentador afirmar que Mariño, en máis dun sentido, tamén foi mestra de Novoneyra. Todo proceso de aprendizaxe real ten a capacidade de *transformar ao amator na cousa amada*, e quizais unha das manifestacións literarias máis nidias deste principio de transformación recíproca se dea nas obras de autoría compartida. Ese poema a dos ‘Día de nebra / O Courel’, que Novoneyra deu a coñecer no segundo número d’*A Trabe de Ouro* (1990) proba a posibilidade dun encontro entre iguais, unha conspiración do irmán e da irmá contra o férreo principio da autoridade textual.

O que de revolucionario había na lírica de María Mariño foi salientado por Uxío Novoneyra dende o comezo, e rubricado unha vez máis ao pouco de ela finar: “Con *Verba que comenza*, la llamada ‘noyosa del Caurel’ y ‘nueva Rosalía’ (ahora las dos tienen la misma edad) se revela como el poeta más hondo y revolucionario de este siglo” (*La Voz de Galicia*, 11 de xuño de 1967). Aí non falaba o crítico, senón o irmán e o poeta. Rosalía de Castro e María Mariño terían a mesma idade, pero os seus nomes non son intercambiables.

#### **IV. A igualdade de dous na diferenza.**

Na súa análise do personaxe trágico de Antígona, a irmá por excelencia, George Steiner analiza a importancia da fraternidade na comprensión do sentimento amoroso. Para a filosofía idealista alemana —responsable da elección de *Antígona* como modelo canónico de traxedia—, a relación entre irmá e irmán era un xeito de expresar o ideal da fusión de identidades no teatro da liberdade humana. Hegel chega a identificar a irmá co ser do irmán: ‘é o ser do irmán, a súa existencia, aquilo ao que a irmá asigna valor irremplazable’ (apud Steiner, 1987: 36). O mesmo ocorrera na poesía romántica. Cando Shelley diga ‘Eu non son eu; son unha parte de ti’ está definindo a relación das ‘ardentes almas irmás’ como paradigma de todo amor, ao tempo que sitúa a pertenza ao outro como meta da relación amorosa.

O que a linguaxe común quixo reconverter na expresión ‘almas xemelgas’ é unha reviravolta, secularmente prolongada, daquela ‘amorosa idea’ platónica que os gnósticos reformularan e que cristalizou literariamente na fábula latina de Eros e Psique. Traducido á linguaxe do século XX, as teorías do amor de base psicanalítica elaborarán unha noción do amor como encontro fraternal do *animus* e da *anima*. O que mudou —ou o que debiera mudar— no paso dunha idade a outra é o sentido de totalidade implicada pola fusión romántica de irmá e irmán.

Coa súa habitual sutileza, na fin dun parágrafo no que se refire aos poetas como ‘criaturas que retornan ao fogar’ Steiner (1987: 25) fai da intimidade unha forma de regreso no que decisivo non é tanto aceptar totalmente ao outro senón aceptar ao outro como totalidade:

Para Hölderlin os poetas, buscadores incansables eran, son por excelencia, criaturas que *retornan ao fogar* e tamén son os máis vulnerables entre os mortais [...] Un dos xeitos de retorno ao fogar, aínda que sexa provisional e inmanente, é a intimidade con outro ser humano. Na intimidade dáse a estraña ruptura do confinamento solitario no que se atopa o eu até chegar á aceptación total do outro ou, por dicilo mellor, até chegar a aceptar a totalidade do outro.

Otero Pedrayo, que podería ser bo amigo de George Steiner, con certeza cavilaba tamén en Hölderlin cando deixou escrito, no seu limiar a *Palabra no tempo*, que todas as persoas teiman algunha vez peregrinar ás fontes. Na seguinte pasaxe, o autor converte á poeta en protagonista dun ascenso cara á primavera (Otero Pedrayo, 1963: 7-8):

Semella seu rubir unha anabasis da primaveira ou no propio espírito a pelerinaxe ás fontes. Todos os homes téimano algunha vez comprir. I é comprida en moitos. Na eisprenza de María Mariño Carou siñifica millor a volta á pátreia e ó fogar. ¿Non será cada verdadeira poesía un nostos, unha volta...? E neste vieiro de pensamento chegaremos cecais si somos bos e calados leentes á revelación de unha intimidade impresionante do ego da escritora cas cousas, de un desvelamento e senso tráxico do ser e do tempo na serra..

Esa *intimidade impresionante do eu de María Mariño coas cousas* foi quizais o que a fixo mestra naquela *aceptación do outro como totalidade* que Steiner recoñecía como motor da poesía e do encontro amoroso. Baixo esta mesma luz podería ser lida a consideración ferriniana dunha ‘mística materialista’ na autora. Neste xa célebre oxímoro Ferrín (1965) recoñecía, entre outras potencias, a capacidade de Mariño para participar tanto da *negatividade* (na esteira da teoría do poema de John Keats) como do sentido de afirmación persoal. Expresión dunha dobre conquista da filosofía e da lírica modernas, na poesía de Mariño a capacidade negativa e a expresión dunha voz singular coexisten sen a necesidade de se traducir unha aos termos da outra. No mesmo sentido, a irmá, unha vez conquistada a súa individualidade, non precisa perderse a si mesma para amar a seu irmán. Por dicilo en termos queridos a Hélène Cixous, a fraternidade revolucionaria dos poetas sería unha porta de entrada á ‘igualdade de dous na diferenza’.

A crítica —que precisamos case tanto como padecemos— adoitou someter á lóxica da influencia as unidades de afecto entre os poetas. Como entre Francisco de Aldana e Arias Montano, Wordsworth e Coleridge, Wollstonecraft e Shelley, e tantos outros a relación de Mariño e Novoneyra debora escapar definitivamente da noción de influencia literaria. Con frecuencia esquecemos que entre os verdadeiros amigos non hai débedas.

Referencias.

Blanco, Carmen (2007): *María Mariño. Vida e obra*, Vigo: Xerais.

Derrida, Jacques (2004). *Políticas da Amizade*. Porto: Campo das Letras.

Girard, René (2003). *Le sacrifice*. Paris: Bibliothèque nationale de France.



- González, Helena ed. (2007): “A peza que recompón o puzzle”. Limiar a María Mariño, *Más allá del tiempo. O libro inédito de 1965*, A Coruña: Editorial Alvarellos, 2007, pp. 9-67
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1965a): “A poesía de María Mariño: un camiño novo (2)”, *La Noche*, 25 de febreiro de 1965. Accesíbel no enderezo electrónico [http://www.culturagalega.org/album/docs/7\\_marino\\_lanoche.pdf](http://www.culturagalega.org/album/docs/7_marino_lanoche.pdf)
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1965b): “A poesía de María Mariño: un camiño novo (2)”, *La Noche*, 2 de marzo de 1965. Accesíbel no enderezo electrónico [http://www.culturagalega.org/album/docs/7\\_marino\\_lanoche2.pdf](http://www.culturagalega.org/album/docs/7_marino_lanoche2.pdf)
- Otero Pedrayo, Ramón (1963): “Prólogo” a María Mariño, *Palabra no tempo*, Lugo: Celta, pp. 7-10.
- Steiner, George (1987). *Antígonas. Una poética y una filosofía de la lectura*. Barcelona: Gedisa.



el amigo no puede dirigir a sus amigos más que un discurso de loco. La verdad de la amistad es una locura de la verdad, no tiene nada que ver con la sabiduría, la cual ha dado la nota de esto al intentar hacernos creer que la pasión amorosa era loca, ciertamente, pero que la amistad era la vía de la sabiduría y del saber, no menos que de la justicia política.

Que significa a entrada dun nome propio nun poema?

---